

¡EN PÉ!¹¹

A Luís Porteiro. +

¡Irmáns! En pé, sereos,
a limpa frente erguida,
envoltos na brancura
da luz que cai de riba,
5 o corazón aberto
a toda verba amiga,
e nunha man a fouce
e noutra man a oliva,
arredor da bandeira azul e branca,
10 arredor da bandeira da Galicia,
¡cantémo-lo dereito
a libre nova vida!

¹¹Apareceu primeiro nas páxinas de *A Nosa Terra*, nº 17, (30-IV-1917), coa indicación "Do libro *Da Terra asoballada*, poesías de loita, que sairá a primeiros de maio e que ten de sere un éisito de librería", e incluíuse logo, tamén, na primeira edición do libro que editamos. Vai igualmente adicado á figura de Luís Porteiro (1889-1918), un dos fundadores das Irmandades da Fala.

Validos de treidores
a noite da Frouseira
15 a patria escravizaron
uns reises de Castela.
Comestas polo tempo,
xa afloxan as cadeas...
¡Irmáns asoballados
20 de xentes extranxeiras,
¡ergámo-la bandeira azul e branca!
¡E ó pé da enseña da nazon galega
cantémo-lo dereito
a libertar a Terra!

25 ¡Irmáns no amor á Suevia
de lexendaria historia,
¡en pé! ¡en pé, dispostos
a non morrer sin loita!
¡O día do Medulio
30 con sangue quente e roxa
mercámo-lo dereito
a libre, honrada chouza!
¡Xa está ó vento a bandeira azul e branca!
¡A oliva nunha man, a fouce noutra,
35 berremos alto e forte!
"¡A nosa terra é nosa!"

14. Refírese á fortaleza da Frouseira, último baluarte na resistencia de Pedro Pardo de Cela aos Reis Católicos e lugar convertido polo galeguismo de fins do XIX e comezos do XX nun símbolo das liberdades nacionais diante do poder de Castela.

25. Terra dos suevos, Galicia.

XXV

- Sorpresounos a noite,
xa ben escurecido,
no barandal de pedra
que defende o camiño.
5 (Dende entón ten un nome:
a Ponte dos Suspiros.)
Non movía unha folla
o vento adormecido.
No ceo ni unha estrela,
10 na arboreda ni un chíó.
As palabras non tiñan
nin rumor nin sentido.
¿Canto tempo botamos
no silencio afundidos...?

1. *sorprendeunos.*
9. *nin unha.*
10. *nin un.*
14. *silencio.*

- 15 Súpeto, comezaron
a chiscar os luceiros,
un recendo a fiuncho
espallouse no vento,
rompeu un cotovío
20 a cantar no loureiro...
¿Que pasaba no mundo
para tal algareo?
¡Un bico revoaba
na rosa dos teus beizos!